

#XelaArias2021
Recursos



Biografías



Xela Arias. Declárome inconforme

Por Ana Romaní

Biografía en liña

Declárome inconforme

(Academia Galega)

Acaso sexa a declaración que sostén con máis clara rotundidade a postura vital e literaria de Xela Arias. Un inconformismo creativo e solidario que, desde a lucidez dunha mente en rebeldía, despregou ao longo de corenta e un anos de vida a paixón da palabra na súa máis depurada independencia, en cada un dos seus actos poéticos, culturais, cívicos. Por ser exactas, ela dixo:

> *Pois se me declaro inconforme co mundo, se me declaro contradictoria e filla das miñas contradicións (…) a poesía convérteseme nunha táboa de salvación no naufraxio das razóns estritas. Necesidade que xorde da urxencia por entende-lo humano contraposto, pero tamén, e quizais antes, do descontento coa orde establecida, calquera que sexa*

xela arias

Precisa e extrema, a súa obra incide na vocación transgresora da palabra poética



Lugo 1962 - Vigo 2003

Ámbitos de ocupación...
Literario / Letras
Docente

En plena actividade creativa, cun abismático e lúcido libro negro a presentar e a orixinalidade dunha traxectoria que non se someteu máis que ao seu propio ritmo, a morte de Xela Arias conmocionou ao mundo cultural galego en novembro de 2003. Pechábase aos 41 anos o ciclo vital dunha escritora precisa, extrema, de palabra tensa e contida. O seu é un nome que se pronuncia sen xeración, sen grupo, desas voces singulares, inclasificables, que se constrúen nas marxes dos manuais.

Extras de Xela

- Poema de maio do 2004
- Conferencia: ¿Para que os poetas hoxe?
- "Autopoética" de Xela Arias

Extras sobre Xela

- Entrevista cando tiña 11 anos
- Entrevista sobre *Tigres coma cabalos*.
- Reseña sobre *Darío a diario*.
- EXPÓSITO RABADÁN: "Verso Desnudo", *Madrigal. Revista de estudios gallegos*, nº 8 (2995), p. 33-41
- "Festa Xela"

Multimedia...

Xela Arias no programa Diario Cultural da Radio Galega

0:00 / 1:04

Entrevista a Xela Arias na RG

0:00 / 0:34

Xela Arias fala do seu libro *Intempériome* na RG

0:00 / 0:18

Poema de Xela Arias dedicado a Rosalía de Castro

Biografía en liña

Álbum de mulleres

Documentación

***Xela Arias*, Ana Romaní**

CCG



(1962 - 2003)

Xela Arias

biografía

obra

fototeca

outros docs

Xela Arias Castaño veu ao mundo no ano 1962 en Lugo, embora pasase a maior parte da súa vida en Vigo, cidade en que realizou os estudos de Filoloxía Hispánica e onde morreu o 2 de novembro de 2003.

Vinculada a Xerais desde o nacemento da editorial en 1979, estreouse no mundo literario con *Denuncia do equilibrio* (1986), poemario innovador co que foi finalista do Premio Losada Diéguez.

En 1990 publicou, en colaboración co seu marido e fotógrafo Xulio Gil, *Tigres coma cabalos*, obra de grande repercusión en que se mesturan poemas e espidos da autora. O libro trasmítenos unha mensaxe a prol da sinceridade e da procura dos sentimentos máis básicos. En *Darío a diario* (1996) a poeta ofrece unha reflexión sobre a súa propia experiencia maternal. O seu derradeiro poemario, *Intempériome*, foi editado o mesmo ano da súa desaparición por Miguel Anxo Fernán Vello.

A súa obra poética tamén se deu a coñecer en libros colectivos como *Palabra de muller* (1992) ou *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas*.

Alén da súa tarefa poética, Xela Arias dedicouse á tradución para a nosa lingua de diversos autores como Joyce, Fehnimore Cooper e Fernández Flórez. Escribiu varios relatos, algúns deles incluídos na obra *Contos eróticos/elas* (1990).

Foi finalista do Premio Esquío de Poesía (1986) con *Lili sen pistolas*, obra que aínda permanece inédita.

Biografía en liña

Xela Arias

(AELG)



DESCARGABLES

Xela Arias, o mundo escríbese con X

Se hai unha letra que nos abre as portas ao seu universo esa é o X, tan grande como o que dá inicio ao seu nome, Xela.



Biografía didáctica en liña

Interactivos

Documentos imprimibles

DESCARGABLES

A poesía é un tigre sen paraugas

Xela Arias ten un lugar especial na historia das nosas letras polo seu traballo de editora e tradutora, pero, sobre todo, por ser unha extraordinaria poeta.

Xela Arias (Primavera das letras, RAG)

2021
2020
2019
2018
2017
2016
2015
2014
2013
2012
2011
2010
2009
2008
2007
2006
2005
2004
2003



autoría | en liña | en papel | álbum | obras | crono

Xela Arias

Biografía didáctica en liña

Actividades por ciclos

4º Educación Infantil
Actividades para 4º de Educación Infantil

4º Educación Infantil pictogramas
Actividades para 4º Educación Infantil con pictogramas

5º Educación Infantil
Actividades apra 5º Educación Infantil.

5º Educación Infantil pictogramas
Actividades para 5º de Educación Infantil con pictogramas.

6º Educación Infantil
Actividades para 6º Educación Infantil.

6º Educación Infantil pictogramas
Actividades para 6º de Educación Infantil con pictogramas.

2º Educación Primaria
Actividades para 2º Educación Primaria.

3º Educación Primaria
Actividades para 3º Educación Primaria.

6º Educación Primaria
Actividades para 6º Educación Primaria.

Biografía
Biografía de Xela Arias

Exposición Xela

Documentos imprimibles

Bio Xela Arias. Ed. Infantil pictogramas
Biografía con pictogramas para Ed. Infantil elaborada por Fernando Pazos, do CEIP Plurilingüe O Mosteirón de Sada (A Coruña).

1º Educación Primaria
Actividades para 1º Educación Primaria.

4º Educación Primaria
Actividades para 4º Educación Primaria.

5º Educación Primaria
Actividades para 3º Educación Primaria.

Textos Xela Arias
Recompilación de textos de Xela Arias: poemas, traducións, contos...

Díptico Xela Arias
Díptico cunha biografía breve de Xela Arias

Captura de pantalla

Xela Arias (Seminario Galán)


#XelaArias2021 @bretemas

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos

Manuel Bragado @bretemas · 7 de abr.

No mes de outubro de 1999 edítase «Drácula» de Bram Soker, introdución, tradución galega e notas do orixinal inglés de **#XelaArias2021** dentro da colección Xabarín de @Xerais, 448 pp. #XelaAriasTradutora #Drácula [097/365]

blog.xerais.gal/dracula-de-bra...



Biografía en Twitter

Cronoloxía

Recursos

Iniciativas

Novidades

#XelaArias2021 (@bretemas)

Destacados | Máis recente | Xente | Fotos | Vídeos



Manuel Bragado @bretemas · 30 de mar.


O Arquivo das Trasnas publica «Xela Arias. Poeta nas marxes», publicación coordinada por @danielchapela1 na que se inclúe unha escolma poética de #XelaArias2021 e textos críticos de @chusnogueira, #AnaRomani, #SusanaTrigoArcos, #MargaDoVal e **@bretemas**

#XelaAriasRecursos
(8/8)



Ensaios

Escolma



XelArias. Palabra á intemperie

REF.:9788499953588

13,00€

Dispoñibilidade: Dispoñible

A través dunha conversa a tres bandas, Emma Pedreira e Laura Romero preséntannos a Xela Arias, poeta, tradutora, docente, letrista e, sobre todo, muller transgresora.

Poemas a dúas voces, colaxes e ilustracións para recuperar e coñecer a figura dunha das nosas voces máis interesantes e, se cadra, máis descoñecidas da literatura.

Biografía

Poemas

Colaxes

1 ENGADIR Á CESTA



Manuel Bragado @bretemas · 30 de mar.

#IrIndoEdicións publica na súa colección biografías «Xela Arias. Poeta e tradutora» de Anxo Xoán Rajó Pazó. Inclúe fotografías, cronobiografía e bibliografía actualizadas.

#XelaArias2021 #XelaAriasRecursos
(7/8)



Biografía

Cronoloxía

Ficha libro

Xela quixo ser ela. Biografía de Xela Arias

Yolanda Castaño (Autor/a)

INFANTIL E XUVENIL>MERLÍN>De 11 anos en diante

A poeta Yolanda Castaño cóntanos neste libro a vida de Xela Arias e móstranos como xa na infancia dunha nena escritora se albiscan os valores que guiarán o seu camiño: queimar vellos prexuízos, desoír expectativas, rebelarse contra as imposicións e non deixarse guiar por modelos de segunda man. A biografía de Xela Arias é a aventura radical de chegar a ser unha mesma.Xela Arias foi precursora e un auténtico referente para xeracións de autoras galegas. Unha muller que deixou a súa pegada na renovación de tres campos: a poesía, a tradución e a edición de libros na nosa lingua; dende a independencia, a sensibilidade e a perspectiva de xénero.

Descargas

Xela Arias en Xerais. Letras Galegas 2021

Foto



Imprimir Mercar

Papel
13,50 x 19,00 cm
Rústica cosido a fío
128 Páxinas
I.S.B.N.: 978-84-9121-902-6




Manuel Bragado @bretemas · 15 de abr.

Chegou ás librarías «Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias» de Montse Pena Presas publicada por @EdGalaxia #XelaArias2021 #XelaAriasRecursos @PenaPresas [**105/365**] editorialgalaxia.gal/montes-pena-pr...

Biografía

Bibliografía

Lista música



Intempestiva. Unha biografía (literaria) de Xela Arias

Montse Pena Presas

Xela Arias foi unha muller adiantada ao seu tempo.

De Sarria, pero viguesa. Poeta universal. Moderna absoluta. Editora. Profesora. Sobre todo, poeta. Montse Pena Presas achéganos a ela como nunca antes se fixo. Un texto vigoroso. Como Xela Arias.



Escritora

Poesía



Denuncia do equilibrio

Xela Arias (Autor/a)

EDICIÓN LITERARIA>POESÍA

«Denuncia do equilibrio», publicado en 1986 a contracorrente da poesía galega daquel momento, é un libro rabiosamente contemporáneo. Cuestiona a orde establecida, afonda con inquedanza na voz interior dunha poeta orixinal e libre e transmite, desde a propia sintaxe, o desacougo da vida cotiá, das emocións e do amor. Este primeiro libro de poemas de Xela Arias dá conta do arrebato dunha voz nova, independente, radicalmente propia, que se pon en marcha cunha enorme forza simbólica. Como di a poeta Olga Novo no limiar en «Denuncia do equilibrio» está «a altura, o precipicio, a conmoción».




Denuncia do equilibrio **(Xerais, 1986/2021)**

Poesía



Manuel Bragado @bretemas · 27 de feb.

En xaneiro de 1990 @Xerais publica #TigresComaCabalos, poemas de **#XelaArias2021**, fotografías #XulioGil. Deseñado por Miguel Vigo contén 24 creacións poéticas e fotográficas en cadanseu medio e en cadansúa soidade, despois intercambiadas entre os autores. [**058/365**]
(1/5)



1 16 30

***Tigres coma cabalos* (Xerais, 1990)**

Poesía



Manuel Bragado @bretemas · 34 min

A editorial Engaiolarte publica unha nova edición de «Tigres coma cabalos», poemas de #XelaArias2021, fotografías de Xulio Gil. A edición inclúe traballos críticos de @chusnogueira e Xosé Enrique Acuña #TigresComaCabalos [116/365]
engaiolarte.com/product/tigres...



XELA ARIAS - XULIO GIL

Engaiolarte

Tigres coma cabalos **(Engaiolarte, 2021**

Poesía



Darío a diario

Xela Arias (Autor/a)
Iván R. (Ilustrador/a)


INFANTIL E XUVENIL>CAMALEÓN

En 1996 Xela Arias publica «Darío a diario», un libro de poemas dedicado ao seu fillo, que ofrece unha visión desidealizada e ao tempo fonda e entrañable da experiencia da maternidade. En palabras da propia poeta: «"Darío a diario" non naceu coa vocación de ser o que hoxe é: un libro encadernado e público. Foi, no seu principio, a necesidade imperiosa de explicarlle ao meu fillo o manifesto íntimo e interno de intencións maternas nas que el mesmo, polo feito de existir, me obrigaba a moverme; o compendio de contradicións que a maternidade me provoca.» Nesta nova edición os poemas veñen acompañados por ilustracións do artista Iván R.



Darío a diario **(Xerais, 1996/2021)**

Poesía



Intempériome

Edición especial Letras Galegas

Xela Arias (Autor/a)

EDICIÓN LITERARIA>POESÍA

«Intempériome», o derradeiro libro de poemas publicado por Xela Arias en 2003, racha, desde o propio título, as convencións lingüísticas para facer un uso libre, exploratorio e rebelde da sintaxe e da voz, examinando o territorio da existencia, do amor e da morte. A través dos versos flúe a sinceridade dunha poeta aberta, espida, que rompe a palabra para inxectarlle significados contestatarios e invocar a lectora ou lector a que se libere da alienación. En palabras da poeta Iolanda Zúñiga, que se dirixe a Xela Arias no limiar do libro, «Íspeste para asimilar, sen estorbos, o alento do suburbial». Esta edición especial, feita con motivo da celebración das Letras Galegas 2021, consta dun estoxo que contén o libro de poemas Intempériome, un caderno de notas e un CD coa gravación dos poemas na voz de Xela Arias acompañada dos músicos Pablo Carrera, Macarena Montesinos e Elena Vázquez, baixo a dirección de Fernando Abreu.



Imprimir Mercar

Papel

Intempériome **(Espiral Maior, 2003/Xerais 2021).**

Poesía


Poesía reunida (1982-2004). Xela Arias

Xela Arias (Autor/a)
María Xesús Nogueira Pereira (Edición de)

EDICIÓN LITERARIA>XERAIS CLÁSICOS

2ª Edición


O volume Poesía reunida (1982-2004) dá conta da obra poética de Xela Arias e quere contribuír á súa difusión e coñecemento. A escritora ocupou un lugar de seu na cartografía literaria das últimas décadas e a súa obra está en consonancia coa renovación do discurso poético producida dos anos 80 en diante, así como coa proliferación dos discursos do feminismo, aos que acompañou como pioneira. Xela Arias, que manifestou en numerosas ocasións un sentimento de soidade xeracional, reivindicou a condición de muller escritora e reaccionou con contundencia contra o carácter invisibilizador das etiquetas. Para ela, a poesía era «un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada». Edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira Pereira.



Imprimir Mercar

Poesía reunida (1984-2004) **(Xerais 2018/ 2021).**

Poesía



Haga clic o desplácese para acercar

DE CERTO, A VIDA ÍA EN SERIO

por Xela Arias

€17,00

Cantidad 1

AÑADIR AL CARRITO


Compartir esto:

A partir de entrevistas, conferencias, autopoéticas e poemas, “Chan da Pólvora” reconstrúe a personalidade e a obra de Xela Arias nunha antoloxía de textos intensos e demoledores.
María Xesús Nogueira a foi a encargada de realizar a selección e o estudo complementario sobre unha muller que
viviu de maneira intensa e, con frecuencia indómita, o seu tempo. Non só recolle textos poéticos da autora


De certo, a vida ía en serio **(Chan da pólvora 2021).**

Narrativa





Non te amola! **(Galaxia 2021).**



A POESÍA DO RETRATO


20,00 €

Escolma

Autora: Xela Arias

Máis de 40 retratos realizados por Xulio Gil en diferentes épocas de Xela Arias, combinados cunha escolma dos seus versos, configuran este traballo acompañado de sendos estudos de Xosé Enrique Acuña e Marga do Val.

ISBN
978-84-123155-4-7





A poesía do retrato **(Engaiolarte 2021).**

VISTA PRELIMINAR DO LIBRO


Tradutora

Ficha libro

O bosque animado


Novela

Wenceslao Fernández Flórez (Autor/a)
Xela Arias (Tradutor/a)

INFANTIL E XUVENIL>XABARÍN>Xabaril

O bosque animado é o gran libro da Fraga de Cecebre, situada no concello de Cambre, preto da Coruña. Nestas páxinas vibrantes, Fernández Flórez narra as historias pequenas dos habitantes da fraga: Fendetestas, Xeraldo, Hermelinda, Pilara, Marica etc. Mais tamén dos aparecidos ou fantasmas que pasean polo bosque: a alma en pena de Fiz Cotobelo e por suposto de Hu-Hu e as súas moscas, do clan dos gatos ceibes, ou das árbores que cren que un poste de telégrafos é unha compañeira delas. Nesta novela fantástica latexa, algueirante e punxente, o buligar vital, polo común da xente, da multitude de animais e plantas que constitúen o mundo insospeitado da Fraga de Cecebre, xunto coa tensa andaina humana duns seres conformados indubidablemente pola cultura galega. Esta tradución galega dunhas das novelas principais de Fernández Flórez, preparada por Xela Arias e agora completamente actualizada e revisada, constitúe unha invitación afervoada a descubrirmos o rico mundo de noso.

Foto



Imprimir | Mercar

Papel
13 x 21 cm

***O bosque animado*, W. Fernández Flórez (Xerais).**

Ficha libro

As bruxas

Novela

Roald Dahl (Autor/a)
Quentin Blake (Ilustrador/a)
Xela Arias (Tradutor/a)
Lidia Iglesias Izquierdo (Tradutor/a)

INFANTIL E XUVENIL>MERLÍN>De 11 anos en diante

7ª Edición

As Bruxas de Roald Dahl narra a historia dun rapaz e maila súa avoa que se enfrontan á terrible Asociación de Bruxas de Inglaterra, mentres estas, baixo a aparencia de mulleres correntes celebran a súa convención anual nun hotel... Ninguén cre nas bruxas, pero haber hainas. E estas das que fala Roald Dahl posuén podeorosísimos nenicidas. Os nenos para unha bruxa son sucios e fedorentos, o inimigo que hai que exterminar... E non son esas vellas feísimas de voz renxente, traxes negros, sombreiros picudos e vasoiras aerodinámicas. Non. Aquí fálase das bruxas verdadeiras, das que fan traballos normais, levan unha vida normal e adoitan levar luvas porque, na realidade, teñen gadoupas por mans, pés cadrados sen dedas, e utilizan caramelos e chocolates como engado para destruír nenos.As bruxas é un libro onde o lector atopará moito humor e disfrutará coa maneira sinxela e trepidante coa que o autor mantén a súa atención. Unha historia contada en frases curtas e secuencias claras onde a acción, de golpe, envolve todo o discurso narrativo. Unha voráxine de situacións, de anécdotas, de aventuras que non dan tregua ao lector ata o seu remate.

***As bruxas*, Roald Dahl (Xerais).**

Foto



Imprimir | Mercar

Papel
13.6 x 19 cm
Rústica cosido a fío
256 Páxinas
I.S.B.N.: 978-84-9782-499-6
Código: 1343130
12.31 € IVE non incluído
12.80 € IVE incluído
Novembro 2006



O SPLEEN DE PARÍS

Titulo: O SPLEEN DE PARÍS (Pequenos poemas en prosa)

Autores:

- Charles Baudelaire
- Xela Arias (traductora)

Ventoalto, 11

Compostela, 2021

poesía

EDICIÓN IMPRESA

peto 14x21cm

113 páxinas

ISBN: 978-84-8487-517-8

dispoñible en IBD

prezo 14,95 €

EDICIÓN EBOOK

ISBN: 978-84-8487-518-5

prezo 7,00 €


COMEZAR A LER

MERCAR

Tradución de Xela Arias.

Ao percibir que o poema versificado non lle permitía alcanzar a verdadeira modernidade poética, Baudelaire interesouse polo poema en prosa. Lembrando o *Gaspard La Nuit*, de Aloysius Betrand, intentou «facer algo parecido, e aplicar á descrición da vida moderna, ou mellor dito dunha vida moderna e máis abstracta, o procedemento que el aplicara para retratar a vida antiga, coas súas rarezas tan pintorescas». Para realizar esta «tarefa», o poeta soñou «co milagre dunha prosa poética, musical pero sen ritmo nin rima, suficientemente flexible e contrastada como para poder adaptarse aos movementos líricos da alma, ás ondulacións do soño, aos sobresaltos da conciencia». Así naceu unha serie de poemas en prosa que Baudelaire quixo reagrupar co título de *O spleen de París*. Con estes «pequenos poemas en prosa», o poeta afonda tanto na cidade moderna, da que é o primeiro en tirar a poesía, como no seu «vómito confuso», revelando unha escrita pasional e intensa destinada a revolucionar a literatura poética.

O poeta retoma nestes poemas en prosa temas d'*As flores do mal*, como se quixese reformulalos para mergullar o lector no misterio da creación: o spleen, a muller e a morte. E o lectorado galego ten





Captura de pantalla

[O spleen de París](), ***Charles Baudelaire*** **(Laiovento).**



Vídeos

Serie
6 episodios




Xela Arias. Onde canta a poeta

Entrevistas sobre Xela Arias

Vídeos da RAG

YouTube ES

telexornal dices rois



Telexornal Xela Arias

Vídeo escolar



Vida e obra de Xela Arias Castaño - 5º Colexio San Pío X (Ourense) #LetrasGalegas2021


[Colexio San Pío X]



A BANDA DA LOBA - Intempériome (Videoclip oficial)

[A banda da Loba]





Música

Manuel Braga...

A banda da Loba



ÁLBUM

Hasme Oír (Con Versos de Xela Arias)

A banda da Loba • 2021 • 7 canciones, 17 min 43 seg

#XelaArias2021

#	TÍTULO	REPRODUCCIONES	
1	Intempériome A banda da Loba		3:17
2	Interludio 1 A banda da Loba		1:12
3	Tigres coma cabalos A banda da Loba, Xacobe Varela		4:54
4	Interludio 2 A banda da Loba		0:46

Lista



Manuel Braga...

PLAYLIST COLABORATIVA

#XelaArias2021

Manuel Bragado Rodríguez • 9 "me gusta" • 11 canciones, 33 min 16 seg

#XelaArias2021

Artista

#	ARTISTA	ÁLBUM	AÑADIDA POR	
1	Tigres Coma Cabalos A banda da Loba	Fábrica de Luz	Manuel Bragad...	4:55
2	Intempériome A banda da Loba	Hasme Oír (Con Versos de X...	Manuel Bragad...	3:17
3	Interludio 1 A banda da Loba	Hasme Oír (Con Versos de X...	Manuel Bragad...	1:13
4	Tigres coma cabalos A banda da Loba, Xacobe Varela	Hasme Oír (Con Versos de X...	Manuel Bragad...	4:54
5	Interludio 2 A banda da Loba	Hasme Oír (Con Versos de X...	Manuel Bragad...	0:47
6	Darío a diario	Hasme Oír (Con Versos de X...	Manuel Bragad...	3:33

Manuel Braga...



Intempestiva

PLAYLIST

Intempestiva. Biografía (literaria) de Xela Arias

Editorial Galaxia • 3 "me gusta" • 13 canciones, 52 min 4 seg


Orden personalizado

#	TÍTULO	ÁLBUM	FECHA INCORPORA...	
	O meu país Anton Seoane, Nando Casal, Segu...	De Voces Ceibes a Milladoiro	5 mar. 2021	3:23
2	Te Recuerdo Amanda Victor Jara	Best Of Victor Jara (Remast...	5 mar. 2021	2:34
3	Sympathy For The Devil The Rolling Stones	The Rolling Stones Singles C...	5 mar. 2021	6:17
4	Malos Tiempos para la Lírica Golpes Bajos	No Mires a los Ojos de la Ge...	5 mar. 2021	3:46

Lista

YouTube ES

Buscar



Desertores - El desertor (Álbum completo)

[El desertor]



Iniciativas

Programa de radio diario

Bibliotecas de Redondela
1 hora ·

✅Comezamos a 4ª semana de emisión ❗

🔶Xela a diario na voz de...Daniel Boullosa

👉Hoxe, Xela na voz de Daniel Boullosa, concelleiro de Cultura do concello de Redondela

👉 Achegámonos , entre outras moitas cousas, a unha sucesión de fitos persoais na vida de Xela: retoma os estudos de filoloxía hispánica, casa con Xulio Gil, nace o seu fillo Darío, o xulgado de 1ª Instancia de Sarria autoriza o cambio oficial para o seu nome,...

👉 Rematamos a emisión de hoxe na voz de Cote, das Bibliotecas Municipais de Redondela, dentro da sección "O poemas somos nós".
😊Ata mañá ❗

#LetrasGalegas2021
#XelaADiario
#XelaArias2021
#XelaAriasRadio
#RedondelaconXela
#DíaLetrasGalegas21



RADIOREDONDELA.COM
Xela a diario. Xela na voz de... Daniel Boullosa - Radio Redondela 94.9FM
O espazo dirixido por Ana Facchini conta hoxe coa participación do concelleiro de Cultura, Daniel Boullosa. Na lectura dos poemas de Xela Arias escoitamos a

Xela a diario

Proposta escénica

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
MARCO



VENCERSE É COUSA DE SE TRATAR. UNHA PROPOSTA ESCÉNICA DE FERNANDO ABREU, SOBRE A OBRA "INTEMPÉRIOME" DE XELA ARIAS

Fechas: 13 abril 2021
Horario: martes a sábados (festivos incluidos) de 11.00 a 21.00, domingos, de 11.00 a 15.00

Este sábado e domingo, pre-estrea no MARCO

Vencerse é cousa de se tratar
Unha proposta escénica de Fernando Abreu, sobre a obra "Intempériome" de Xela Arias
Un punto de encontro entre a vangarda da palabra, a música e a imaxe
A voz de Xela Arias xunto a Fernando Abreu, Mónica de Nut, e Pablo Carrera en escena, Roi Fernández (Sr. Pause) no cinema en directo.

Sábado 17 abril ás 19.30
Domingo 18 abril ás 12.30

Salón de actos do MARCO

Entrada gratuíta* ata completar capacidade
**Por mor das condicións sanitarias, a capacidade é limitada, imprescindible reserva.*

"Vencerse é cousa de se tratar"

No ano 2003 a poeta **Xela Arias** preparaba as presentacións do seu derradeiro libro ***Intempériome*** xunto ao músico **Fernando Abreu**, coa idea de mesturar as dúas artes dende un punto de vista contemporáneo con espazo para improvisación libre e a palabra.

Como parte do traballo sobre a emoción, o ritmo e o carácter dos recitados de Xela Arias, Fernando Abreu gravou os poemas do libro na voz da autora. Aquelas gravacións que só tiñan a intención do estudo acabáronse por converter nun documento único coa inesperada morte da autora.

LOCALIZACIÓN
Príncipe 54 | 36202 Vigo
t. +34 986 113 900
f. +34 986 113 901
info@marcovigo.com

[Vencerse é cousa de se tratar]